



BOP

XOVES, 21 DE XANEIRO DE 2023

N.º 017

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Expediente: 2054/2022

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 28 de decembro de 2022, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Quinto Bimestre do exercicio 2022, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 2 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA.

R. 0141

FRIOL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día dezaseis de xaneiro do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2022:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Na mesma sesión tamén se aprobou o padrón da taxa pola rede de sumidoiros do exercicio 2022.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de

quinze días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de febreiro e o quince de abril de dous mil vinte e tres, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día un de marzo do actual, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 16 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0142

RIBADEO

Anuncio

BASES PARA A SELECCIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN (FUNCIONARIO INTERINO)

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

É obxecto das presentes bases a **cobertura temporal** do posto de Ordenanza municipal persoal funcionario desta Corporación **con carácter de interinidade dado que concorren as seguintes razóns: Embarazo e situacións posteriores. Vacante temporal** cuxas características son:

Servizo/Dependencia	Concello. Oficinas
Ide. Posto	0007/RPT
Denominación do posto	Ordenanza
Ide. Rexistro Persoal	0007
Natureza	Funcionario Interino
Circunstancia que o xustifica	Embarazo e outras

Escala	Administración Xeral
Subescala	Subalterna
Clase/Especialidade	Ordenanza
Grupo/Subgrupo	E
Nivel	14
Xornada	completa
Horario	mañá
Núm. de vacantes	1
Sistema de selección	Concurso-oposición

2.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As funcións do posto de traballo que se convoca serán:

As funcións son as seguintes:

Portería, notificador, traslado de documentos entre dependencias municipais, vixilancia de instalacións, ordenación e custodia de boletíns oficiais e publicacións, realización de fotocopias, realización de encargos e mandados e realización de pequenas reparacións.

Levar a efecto baixo a supervisión e dirección de quen competa a adecuada ordenación e mantemento do arquivo municipal.

Mecanización e transcripción de documentos relativos ao servizo de Rexistro e correspondencia.

Apoio ás funcións administrativas nas diferentes dependencias municipais

Recepción, atención e información aos usuarios segundo os criterios e directrices establecidas, cando resulte preciso.

Atención telefónica.

Calquera outra función de análogo contido, propio da categoría ou que teña relación co apoio ás funcións xerais encomendadas.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

Reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas que acrediten posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao trinta e tres por cento.

A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A opción a quenda de reserva deberá facerse constar na solicitude de participación polo interesado.

Os aspirantes que opten pola quenda de reserva deberán superar as mesmas probas selectivas que as fixadas para o resto dos aspirantes. Nas probas selectivas, incluídos os cursos de formación e os períodos de prácticas, estableceranse as adaptacións e axustes razoables de tempo e medios que sexan necesarios para a súa realización polas persoas con discapacidade, sempre que así o solicitasen, a fin de garantir que participan en condicións de igualdade cos demais aspirantes. Estas persoas concorrerán en quenda separada dos demais aspirantes sempre que así se xustificase para o mellor desenvolvemento das súas probas selectivas.

En todo caso o grao de discapacidade que resulte acreditado deberá ser compatible co desempeño das tarefas e funcións correspondente ao posto ofertado.

Superado o proceso selectivo, as persoas que ingresen en corpos ou escalas de persoal funcionario ou categorías de persoal laboral das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e que sexan admitidas na convocatoria ordinaria con prazas reservadas para persoas con discapacidade, poden solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a elección das prazas dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos

de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser acreditados debidamente. O órgano convocante acordará dita alteración cando estivese debidamente xustificada, limitándose a realizar na orde de prelación a mínima modificación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais: Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TR da Lei).

b) Específicos.

b.1 Posuir a titulación seguinte: Graduado Escolar ou equivalente.

b.2 Estar en posesión da titulación de lingua galega seguinte: Celga 3 ou equivalente.

Este requisito será, no seu caso, substituído pola realización dun exercicio de idioma galego.

b.3 Permisión de conducir da clase B1

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario/a, no seu caso.

Dereitos de Exame:

Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos , epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 15,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

4. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

A) Fase de oposición:

1.- Exercicio de idioma galego.

Común e **obligatorio** para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego **no nivel CELGA 3 ou equivalente**, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen diccionario, elixido libremente polo tribunal, de castelán ao galego.

A duración da proba será de 10 minutos.

Por cada falta cometida restaranse 0,05 puntos, declarándose non aptos aqueles que cometan 20 faltas ou máis.

Este exercicio valorarase como **APTO ou NON APTO**, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO quedando eliminados do proceso selectivo os declarados non aptos.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 3 ou superior.**

2.- Proba de coñecementos: Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre as materias sinaladas no temario que se inserta a continuación.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos. Cada resposta acertada terá un valor de 0,50 puntos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha. As respostas en branco ou non contestadas non contarán.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

TEMARIO

1.- O Municipio. O termo Municipal. A poboación. O empadramento.

2.- A organización municipal. Órganos de goberno municipais. O alcalde. Os concelleiros. O Pleno. A xunta de goberno local.

3.- A Constitución española de 1978: características. Estrutura. Contido. Principios xerais.

4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Competencias da Administración Autonómica.

- 5.- O Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público: estrutura e contido.
- 6.- Procedemento administrativo local: concepto. Principios que o inspiran. As notificacións administrativas: principios xerais e características.
- 7.- Ordenanzas e Regulamentos municipais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
- 8.- Atención ao público: acollida, información e cita previa. O arquivo. Principios básicos de organización.
- 9.- A presentación de instancias e documentos nas oficinas públicas: Informatización dos rexistros de entrada e saída. O Rexistro da Xunta de Galicia a través do Portelo Unico. Comunicacións e notificacións.
- 10.- O termo municipal do concello de Ribadeo: casco urbano, parroquias e lugares.

B) Fase de concurso: Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO I** destas Bases e **sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.**

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para supera-las probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase o mesmo día fixado para a oposición e antes da celebración desta.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Os/as interesados/as en participar presentarán instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Ribadeo facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases.

Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello no prazo de **DEZ días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases coa convocatoria deste procedemento no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso realizaranse a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo e web municipal www.ribadeo.gal

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo ou en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP.

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

As instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

-Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

-Declaración responsable na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais exixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia)

-Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.

-Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, **no prazo máximo de tres días hábiles pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.**

Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na sede electrónica da páx. web do concello www.ribadeo.gal

Os/as aspirantes excluídos disporán **dun prazo de (2) dous días hábiles** contados a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as **quedarán elevados automaticamente a definitiva**. No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

8.- ORGANO DE SELECCIÓN.-

Presidente: Titular: Un funcionario que terá a categoría igual ou superior ao posto obxecto de selección e o seu suplente correspondente.

Vogais:

Titulares: Tres funcionarios coa categoría igual ou superior ao posto obxecto de selección e os seus suplentes correspondentes.

Secretario con voz e sen voto:

Titular: O Secretario Xeral do Concello e o seu suplente correspondente.

A composición persoal deste órgano de selección será aprobada por Resolución da Alcaldía que se exporá ao público no tablón de anuncios do Concello e web municipal aos efectos legais procedentes con antelación suficiente á data de comezo dos exames.

9.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO.

Rematado o proceso selectivo a Alcaldía-Presidencia poderá aprobar unha listaxe de agarda con aquelas persoas presentadas ao proceso, e ordenada de maior a menor puntuación no sumatorio total, que non obtiveran praza.

10.- INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

ANEXO I**B)FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.****a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.**

a.1) Polo tempo de prestación de servizos en posto semellante nunha administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 20 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2 puntos.

b.1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración, ata un máximo de 2 puntos:

Cursos de 100 ou mais horas.....0,75 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas..... 0,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas..... .0,20 puntos.

Cursos de 15 a 39 horas.....0,10 puntos.

Ribadeo, 16 de xaneiro de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 0143

RIBAS DE SIL

Anuncio

CORRECCION ERROS MATERIAIS

No BOP da Provincia de Lugo núm. 293 de 24 de decembro de 2022 publicáronse as bases específicas e convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de "1 oficial/a de primeira servizos múltiples maquinista condutor/a e 1 oficial/a de primeira seguridade e emerxencias", a través do sistema de concurso, taxa adicional de estabilización, e na sede electrónica do Concello.

Mediante resolución de Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2023, acordouse a corrección dos seguintes erros materiais:

- Na Base CUARTA. Presentación de solicitudes de participación.

ONDE DI:

"(...) 1. As persoas interesadas en participar na convocatoria e proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo I destas bases, no Rexistro Xeral deste Concello, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na forma e no prazo establecido na base quinta das Bases Xerais.

2. As persoas coa condición legal de discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.

Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, xunto con acreditación da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3. Ás solicitudes de participación (Anexo I) deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

b) Copia do título requirido para participar nesta convocatoria, ou documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión do mesmo, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

c) Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel coñecemento da lingua galega requirido (CELGA 3 ou equivalente).

d) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación acreditativa destes, segundo o previsto nas Bases Xerais.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

4. A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

5. O prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación será de o sinalado na base quinta das Bases Xerais".

DEBE DICIR:

CUARTA. Presentación de solicitudes de participación e solicitudes de aportación de méritos.

1.- Solicitudes de participación:

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria e proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo I destas bases, no Rexistro Xeral deste Concello, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na forma e no prazo establecido na base cuarta das Bases Xerais.

2. As persoas coa condición legal de discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.

Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, xunto con acreditación da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3. Ás solicitudes de participación (Anexo I) deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- b) Copia do título requirido para participar nesta convocatoria, ou documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión do mesmo, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.
- c) Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel coñecemento da lingua galega requirido (CELGA 3 ou equivalente).

A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

O prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación será de o sinalado na base cuarta das Bases Xerais.

2.- Solicitudes de aportación de méritos (so para os aspirantes previamente admitidos):

Os aspirantes que figuran na relación de admitidos aprobada deste proceso selectivo deberán presentar no modelo que figura como Anexo II destas bases, no Rexistro Xeral deste Concello, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación acreditativa destes, segundo o previsto nas Bases Xerais.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nas bases xerais. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos achegados por aspirantes que figuren na lista de excluídos aprobada ou distintos dos/as admitidos.

A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

O prazo de presentación da relación de méritos e documentación xustificativa dos mesmos será con data límite do 31.12.2023

Tan so respecto dos aspirantes que figuren na lista definitiva de admitidos, aprobada e publicada na sede electrónica do Concello, os mesmos deberán achegar antes do 31 decembro de 2023 a relación dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación acreditativa destes, prorrogándose ao primeiro día hábil seguinte se o prazo terminase en un día inhábil.

Dita documentación presentarase no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de presentación desta documentación nas Oficinas de Correos, de acordo co previsto no citado artigo 16.4, presentarase nas devanditas Oficinas en sobre aberto, para ser datadas e seladas polo persoal de Correos antes de ser certificadas dentro do prazo de presentación da relación e documentación de méritos. Só neste caso entenderase que as instancias tiveron entrada no Rexistro Xeneral deste Concello na data en que foron entregadas na mencionada oficina. Se a relación e documentación dos méritos presentácese noutro rexistro distinto ao do Concello de Ribas de Sil deberá comunicarse no mesmo día de presentación, mediante correo electrónico á dirección concelloribasdesil@gmail.com é con o asunto «relación de méritos e documentación acreditativa dos mesmos para o Concello de Ribas de Sil, á atención do Sr. Alcalde – Presidente, que aportan polo aspirante admitido D./D^a no proceso selectivo de (...)», indicando nome e apelidos do aspirante previamente admitido, data de presentación, lugar onde se presentou.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que

se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos achegados por aspirantes que figuren na lista de excluídos aprobada.

ERRO.- No ANEXO I das Bases específicas.

ONDE DI

4º.- Relación de Méritos e documentación xustificativa cara a súa valoración na fase de concurso, polo que declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

DEBE DICIR

4º.- A relación de méritos aportarase en solicitude independente (ANEXO II).

O ANEXO I, trala corrección de erros, estará a disposición dos interesados na sede electrónica do concello: <https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/board>

Ribas de Sil, 16 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 0144

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO

Anuncio

A/27/23701

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: A/27/23701

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Guillermo Mora Salamero

Caudal solicitado: 0,73 l/seg.

Punto de emplazamiento: Os Casares, parcela 6 del polígono 54

Término Municipal y Provincia: As Nogais(Lugo)

Destino: Abastecimiento y riego

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Sondeo de 86 m. de profundidad e impulsión a depósito desde el que se suministrará agua a vivienda y parcela a regar.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de As Nogais**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 3 de enero de 2023.- EL RESPONSABLE DEL ÁREA CONCESIONAL, David Pérez Méndez-Castrillón.

R. 0033

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/31096

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Javier López Rodríguez

Nombre de la captación: zanja drenante

Caudal solicitado: 0,094 l/s

Punto de emplazamiento: Fruxil, parroquia de A Cervela (San Cristovo)

Término Municipal y Provincia: O Incio (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realizará mediante una zanja drenante de 10 m de longitud, desde la que por gravedad se conduce el agua a un depósito. Desde aquí es distribuida por tubería al estable a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de O Incio, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 11 de enero de 2023.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R.0129

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/30617-1

José Falcón Folgueira, con N.I.F. ****0091*, solicita la legalización de obras dentro de la Zona de Policía de Cauces.

Las actuaciones han consistido en la restauración de un molino y ampliación del mismo, así como la instalación de caseta metálica para garaje en la margen derecha del río Pequeño, en la parcela 247 del polígono 8, en el lugar de Reigosela, T.M. de Cospeito, (Lugo)

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 13 de enero de 2023.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 0130

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/39120

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: CMVMC de Santa Cristina e Xaneiras

Nombre de la captación: 2 Manantiales

Caudal solicitado: 110 m³

Punto de emplazamiento: Arxemil (Santalla)

Término Municipal y Provincia: Sarria (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Las captaciones se realizan mediante tubos de drenaje que conducen el agua a sendas arquetas, de donde parte tubería enterrada hasta el depósito contra incendios de 110 m³ de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Sarria, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 11 de enero de 2023.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 1131

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/08181

Asunto: Solicitud de modificación características, novación y cambio de titularidad de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: María Cristina Vázquez Dominguez

Nombre de la captación: fuente Chafarotes

Caudal solicitado: 0,02 l/s

Punto de emplazamiento: Monte Alledo, parroquia de Furco (San Gregorio)

Término Municipal y Provincia: Carballedo (Lugo)

Destino: Usos domésticos

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Se pretende novar y modificar la concesión otorgada con fecha de resolución 06/04/2000. La captación se realiza mediante una arqueta de ladrillo en el manantial, desde donde parte la tubería que abastecerá la vivienda.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Carballedo, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 11 de enero de 2023.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 0132

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01557

PETICIONARIO:UNKIA, SL

VERTIDO

DENOMINACIÓN:Vivienda en O Cimo da Agra

LOCALIDAD:O Cimo da Agra, Vilar de Sarria (San Salvador)

TÉR.M. MUNICIPAL:Sarria

PROVINCIA:Lugo

RÍO/CUENCA:Sarria/Sarria

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en O Cimo da Agra" - "UNKIA, SL", con un volumen máximo anual de 310 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Arqueta de desbaste.
- Separador de grasas.
- Fosa séptica con filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 12 de enero de2023.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL,CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0133

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE:V/27/01562

PETICIONARIO:José Manuel Díaz López

VERTIDO

DENOMINACIÓN:Vivienda en Cimo da Agra

LOCALIDAD:O Cimo da Agra, Vilar de Sarria (San Salvador)

TÉR.M. MUNICIPAL:Sarria

PROVINCIA:Lugo

RÍO/CUENCA:Sarria/Sarria

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Cimo da Agra" - "José Manuel Díaz López", con un volumen máximo anual de 248 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Arqueta de desbaste.
- Separador de grasas.
- Fosa séptica con filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 12 de enero de 2023.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL,CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0134

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/34712-1

ULTREIA ACOMODATION SL., con N.I.F. ****1438*,solicita autorización para efectuar obras dentro de la de la Zona de Policía de Cauces.

Las obras consistirán en la ejecución del "Proyecto básico de edificio destinado a Hotel de tres estrellas. Junio 2022", en la margen derecha del río Pequeno, en la parcela con referencia catastral 9582003PH2398S0001RB, en la Rúa Calvo Sotelo nº 8 en la localidad y municipio de Sarria (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 13 de enero de 2023.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 0135

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/03094/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Constantino Gandoy Alonso

Nombre del río o corriente: Manantial Fonte da Barreira

Punto localización: Lugar de Airexe, parroquia de Esperante

Término municipal y provincia: Lugo, Lugo

Caudal concedido: 0,68 l/s

Destino: Riego de la finca "Prado de Suaiglesia"

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 13 de marzo de 1996

Registro de Aguas: 4598, Sección A, en el Tomo 0050, hoja número 058

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Lugo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Lugo, 11 de enero de 2023.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 0136

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/29546

El Ayuntamiento de Folgoso do Courel solicita la concesión de aprovechamiento de 0,10 l/s de agua procedente del rego de Loureiro en el término municipal de Folgoso do Courel (Lugo) para abastecimiento al núcleo de Valdomir.

La captación se realiza en un manantial próximo al rego de Loureiro mediante una arqueta enterrada, de la que parte un tubo por el que circulan las aguas hasta un depósito de 3,40×2,20×1,40 m desde el que se distribuirán al núcleo Valdomir.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el ayuntamiento de Folgoso do Courel, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 12 de enero de 2023.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 0145